



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical CIG Telefónica A Coruña

A Coruña: coruna@cigtelefonica.com Teléfono 981183969 - Fax 981183679

Pontevedra: pontevedra@cigtelefonica.com Teléfono 986264949

Lugo: lugo@cigtelefonica.com / Ourense: ourense@cigtelefonica.com

O reparto do botín en Telefónica

Poucos días despois de anunciar un novo reparto de dividendos histórico e uns beneficios excelentes, recortan as nóminas dos traballadores

Días atrás a empresa fixo públicos os datos económicos do ano 2010, **incremento de máis do 7% nos ingresos ata chegar aos 60.727 millóns € e incremento do 30% nos beneficios, superando os 10.167 millóns €**. Os accionistas cobrarán no 2011 1,6€ por acción o que supón un incremento do 14,3% e anuncia que para o 2012 esperan pagar un mínimo de 1,75€ por acción.

Todo son alegrías para a dirección da empresa e para os accionistas, resérvanse as amarguras para o cadro de persoal, polo visto Telefónica España vai mal, perdemos liñas e claro, non gañan tanto como desexarían. O certo é que non vai tan mal como nos queren facer crer e que os datos de rendemento seguen a ser moi bos, **moi poucas empresas no Estado español poden presumir das cifras de Telefónica España**, tanto no que atinxe aos ingresos como aos beneficios, calquera pode facer a comparación.

É obrigado repetir que todo isto entra dentro dunha estratexia deseñada pola empresa para liquidar emprego e condicións laborais. Despois de externalizar actividades a eito, dicindo que se recuperaban outras de maior valor, virán a dicirnos que sobra persoal e que temos que aceptar recortes. Todo sexa para pagar maiores dividendos.

Nestes días a empresa está realizando Comisións de Xestión Provinciais para anunciar unha serie de medidas en moitos departamentos, modificando quendas e gardas cun único obxectivo: **pagar menos devengos aos traballadores e traballadoras**.

En moitos casos as quendas que se eliminan estaban acordadas cos traballadores e permitían a conciliación da vida laboral e familiar, **a empresa sabe que unha das mellores medidas para reducir o absentismo laboral é mellorar a conciliación**, se tanto lle preocupa o absentismo a que veñen todas estas medidas. Está claro que poñen por riba de todo os recortes no que se paga aos traballadores e traballadoras.

Caso aparte merece o que está pasando con O+M, despois da folga indefinida do departamento, para protestar contra a externalización de actividade, vemos como se liquidan gardas e se deixa desatendido este servizo. O de recuperar actividades de maior valor foi todo leria, a intención da empresa sempre foi a mesma: desfacerse da actividade pasándola á contrata en condicións moito máis precarias.

Detrás destas medidas virán outras, non nos queda outra que organizarnos e mobilizarnos se non queremos que nos recorten dereitos e salarios, canto antes o entendamos antes poderemos darlle resposta á empresa.

Infórmate, reflexiona, actúa... Mobilízate !!!

A Coruña 4 de marzo de 2011

www.cigtelefonica.com